

# Introdución

Ao longo da historia do mundo das civilizacións sabemos que a muller, polo feito natural de pertencer ao xénero feminino, foi considerada un ser humano inferior ao home. E así, xeración tras xeración, foise arrastrando esa connotación con todo o que esa desigualdade leva consigo.

Hoxe en día sabemos que iso non é certo, pero hai sectores aos que non lles interesa que a sociedade rectifique, de aí que entre todos e todas que denunciámos esta inxustiza, facemos o posible buscando estratexias para formar os nenos e as nenas que axuden a conseguir esta igualdade, que vén sendo o obxectivo do feminismo.

A seguir van unha ducia de *poemas biográficos* con nomes femininos, singulares mulleres sobre as que investiguei na súa historia para que vós, potenciais lectoras e lectores poidades reflexionar sobre as súas vidas, o seu labor, a súa forza, a súa intelixencia, a súa entrega... e unha vez interiorizado este gran problema social facer algo de xeito particular e tamén colectivo para cambiar. A unión fai a forza.


Elixín esta pequena mostra para facer visible o problema, pero no listado podería haber centos e centos (A Bela Otero, A Raíña Lupa, María Balteira, María Casares, Inés de Castro, Elisa e Jimena Fernández de la Vega, M.<sup>a</sup> Josefa Wonenburger, Luz Pozo...). Isto, o que aquí traio, é tan só un gran de area.

No último poema non aparece un único nome. Son miles de Marías, Xoanas, Lolas, Carmes, Manuelas... Imposible citalas, *viúvas de vivos* por mor da emigración a América.

Eu mesma coñecín e coñezo moitas. Algunha tan de cerca!... Miña nai foi unha delas.

Sabela e Roi, unha nena e un neno coma vós, son os primeiros en faceren o percorrido por estas páxinas. Acompañádelos?

# *Feminino singular, en plural*



# A galega universal

É unha flor  
É unha rosa  
É escritora  
galega e famosa.

Rosa, de ROSALÍA  
co apelido DE CASTRO  
esposa de Manuel Murguía.

*Cantares Gallegos*  
que ela escribiu  
palabras, versos, estrofas  
sensacións que ela viviu.

*Follas Novas*  
outra obra  
que zumega sentimento  
cantos temas caben nela  
traballados con talento.

A morte, o folclore, a dor  
as eivas da emigración  
o desacougo e o amor.

Rexeita a marxinação  
sensible ante a orfandade  
defende sempre as mulleres  
valorando a liberdade.

Dentro do seu Universo  
tinxido de poesía  
brilla en todo o mundo  
a galega **ROSALÍA**.



— Eu si que coñecía a vida de Rosalía de Castro –falou Roi.

— E eu tamén. Creo que non hai ninguén no meu colexio que non saiba dela –asegurou Sabela.

— Encántame a primeira estrofa –seguiu contando a rapaza–. Parece unha adiviña:

É unha flor  
É unha rosa  
É escritora  
galega e famosa.

— Ben dis. Eu acertaría.

— Aínda sei máis cousas das que se fala neste poema. Moitas máis! –falou Sabela fachendosa.

— Si. Eu fun á súa casa, que está en Padrón. Fun de excursión co colexio. Chámase a Casa da Matanza. Alí está a súa cama na que todos os días pousan nela unha rosa.

— A min –falou Sabela algo triste– contáronme que un dos fillos morreu de pequeno ao caer dunha mesa. Que mágoa!

